PLAN DE FORMACIÓN NO EIDO DO TEMPO LIBRE

temos un plan

Inscrición nas accións formativas do Plan de formación no eido do tempo libre 2013

Todos os cursos están dirixidos a mozas e mozos en xeral. Terán preferencia, en primeiro lugar, as persoas que posúan o titulo de monitor/a ou director/a de tempo libre, en segundo lugar, aquelas que posúan o carné xove, e logo por orde de entrada dos correos electrónicos.

- Á solicitude poderase acceder na web www.xuventude.net
- A solicitude dos cursos efectuarase unicamente por vía telemática; calquera solicitude que non se faga deste xeito considerarase desestimada.
- O enderezo electrónico que figure na solicitude será individual, non se aceptará un mesmo enderezo para dúas ou máis persoas. Nese enderezo recibiredes, de ser o caso, a confirmación de que estades admitidos/as no curso e calquera outra información sobre o mesmo.
- Se queredes participar en varios cursos, teredes que facer unha solicitude individual por cada curso.
- O feito de non cumprir coas premisas anteriores suporá a eliminación das solicitudes.

Pasos que compre seguir para matricularse:

- Solicitude debidamente cuberta.
- No caso de posuír o carné xove, deberedes enviar unha copia escaneada ao enderezo formaciontempolibre.ctb@xunta.es no prazo de 48 horas dende o envío da solicitude.
- Unha vez recibidas as solicitudes correctamente, asignaranse as prazas no curso solicitado ata esgotar o total de prazas, tendo en conta o anteriormente indicado nas preferencias da selección.
- Comunicarásevos mediante mensaxe electrónica dende formaciontempolibre.ctb@xunta.es ao enderezo que indicastes na solicitude a adxudicación da praza e o lugar e o día de comezo do curso, así como calquera outra particularidade de interese para vós.
- No caso de que non poidades realizar o curso, cómpre que o comuniquedes o máis axiña posible, co fin de que esa praza a poida aproveitar outra persoa interesada. Debedes comunicalo por correo electrónico.
- En todos os casos, o prazo de inscrición nos cursos rematará quince días antes do inicio de cada un deles.

Importante:

- En cada curso soamente se permitirá faltar o 10% do total de horas; de incumprir esta condición, a persoa non terá dereito ao diploma.
- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá anular calquera dos cursos de non poder reunir un grupo de xente suficiente para desenvolvelo.
- Para aclarar calquera dúbida que teñades sobre esta formación podedes chamar ao 981 957 057 ou escribir un correo ao enderezo: formaciontempolibre.ctb@xunta.es

Curso: Organización de ludotecas e recursos para a animación á lectura e á escritura dentro dun marco non formal

Número de horas: 40

Número de prazas: 50

Contidos:

1. Historia e evolución das ludotecas galegas.
2. Concepto e xustificación.
3. Funcións.
4. Programación e organización.
5. Clasificación dos xogos e xoguetes.
6. O/A monitor/a de ludotecas.
7. A programación de actividades.
8. Temas transversais para traballar na ludoteca: animación á lectura e á escritura. Recursos.

Modalidade: en liña.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 15 febreiro ao 13 de marzo.

Horario: titorías: martes das 10.00 ás 13.00 horas; mércores das 16.00 ás 18.00 horas.

Equipo persoal imprescindible: procesador de texto e folla de cálculo Office.

Curso: Habilidades técnicas do tempo libre para a empregabilidade da mocidade

Número de horas: 45

Número de prazas: 30

Contidos:

Módulo I. Habilidades sociais e técnicas que se desenvolven no tempo libre.

Módulo II. Perfís profesionais e competencias no mercado laboral.

Módulo III. Ferramentas para a aplicación das habilidades do tempo libre na procura do emprego.

Módulo IV. Outros instrumentos e técnicas innovadoras na empregabilidade.

Modalidade: semipresencial.

Lugar de impartición: Santiago de Compostela.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 1 de marzo ao 15 de abril.

Sesión presencial: sábado 13 de abril.

Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.

Equipo persoal imprescindible: ordenador, conexión á internet, correo electrónico, tarxeta de son e altofalantes.

Curso: Dinamización do asociacionismo xuvenil e liderado

Número de horas: 30

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. O asociacionismo xuvenil.

Módulo II. Xestión de recursos nunha asociación.
Módulo III. Organización e xestión.

Módulo IV. Liderado: tipos e técnicas. O coaching.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Vigo.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 2, 3, 9 e 10 de marzo.

Horario: sábados das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas, e domingos das 9.00 h ás 14.00 horas.

Curso: Intelixencia emocional aplicada á dirección de equipos

Número de horas: 30

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. Liderado: tipos, enfoque situacional do liderado e toma de decisións.

Módulo II. A dirección de equipos.

Módulo III. Ferramentas importantes.

Módulo IV. Mellorar a capacidade de comunicación a través de técnicas de PNL (programación neurolingüística).

Módulo V. Casos prácticos.

Modalidade: presencial

Lugar de impartición: Vigo.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 6, 13, 20, 27 de abril.

Horario: sábados 6, 13 e 20 de abril das 9.30 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 20.00 horas e o sábado 27 de abril das 9.30 ás 14.00 horas.

Curso: Técnicas de animación e creación artística no ocio e tempo libre

Número de horas: 60

Número de prazas: 30

Contidos:

Módulo I. Técnicas teatrais no tempo de lecer.

Módulo II. Caracterización de personaxes a través da maquillaxe.

Módulo III. Recursos musicais para o tempo libre.

Módulo IV. Manualidades.

Módulo V. Xogos e dinámicas de grupo.

Modalidade: semipresencial.

Lugar de impartición: A Coruña.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 1 de abril ao 10 de maio. Sesións presenciais: 6 e 7 de abril.

Horario: sábado día 6 das 10.30 ás 14.30 horas e das 16.30 ás 20.30 horas; domingo 7 das 10.30 ás 14.30 horas.

Equipo persoal imprescindible: durante as sesións presenciais é imprescindible roupa e calzado de deporte.

Curso: Envellecemento activo: animación sociocultural e dinamización de grupos no colectivo da terceira idade

Número de horas: 26

Número de prazas: 25

Contidos:

Módulo I. Introdución.

Módulo II. Animación.

Módulo III. Novas tecnoloxías.

Módulo IV. Práctica.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Vigo.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 6, 13, 20 e 27 de abril.

Horario: das 10.00 ás 13.30 horas e das 16.00 ás 19.00 horas.

Curso: Formación en comunicación e creatividade para o autoemprego no tempo libre

Número de horas: 40

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. A comunicación (fundamentos, métodos, análise da realidade e a comunicación o servizo do tempo libre).

Módulo II. A creatividade (fundamentos, deseño de sesións creativas e desenvolvemento do liderado a través da creatividade).

Módulo III. O coaching.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición:

Centro Lug2. Complexo Residencial Lug.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.
Data prevista de realización: 6, 7, 13, e 14 de abril.
Horario: das 9.00 ás 21.00 horas.

Curso: Especialización en ambiente para a mellora da profesionalidade e da empregabilidade dos traballadores e traballadoras do tempo libre

Número de horas: 25
Número de prazas: 20
Contidos:

Módulo I. Conceptos xerais: o medio e a súa problemática. A educación ambiental como eixe transversal das actividades de tempo libre.

Módulo II. Interpretación do patrimonio.

Módulo III. Normativa ambiental xeral e local aplicable ás actividades de tempo libre.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Albergue Xuvenil Equal (Coles – Ourense).

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 3 ao 5 de maio.

Horario: venres: das 16.00 ás 21.00 horas; sábado: das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas; domingo: das 9.00 ás 14.00 horas e das 15.30 ás 20.30 horas.

Incorporación: 1 hora antes do día de inicio.

Saída: ás 21:00 horas do domingo.

Equipo persoal imprescindible: saco de durmir, roupa e calzado axeitados para as saídas, toalla, útiles de aseo persoal.

Observacións: as persoas participantes aloxaranse no albergue en réxime de pensión completa.

Curso: Como deseñar unha carreira de orientación

Número de horas: 25
Número de prazas: 22
Contidos:

1. Topografía e cartografía básicas.
2. Orientación con planos.
3. Uso do compás.
4. Xogos e carreiras de orientación.
5. Orientación deportiva.
6. Deseño e carreiras.
7. Construción de balizas.
8. Recursos web das carreiras de orientación.
9. Realización de carreiras de orientación.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Albergue Xuvenil Vicente Agulló (Mouriscade - Lalín). Pontevedra.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 26, 27 e 28 de abril de 2013.

Horario:

Primeiro día: das 16.00 ás 22.00 horas.

Segundo día: das 9.00 ás 22.00 horas.

Terceiro día: das 9.00 ás15.00 horas.

Incorporación: o día 26 de abril de 15:30 h a 16:30 h.

Saída: o día 28 de abril ás 15.00 horas.

Equipo persoal imprescindible: saco de durmir, chancletas, útiles individuais de aseo, toalla grande, tenis, botas de sendeirismo, roupa cómoda ou deportiva para os tres días, mudas, roupa de abrigo, impermeable e lanterna.

Outros aspectos: a actividade inclúe o aloxamento no albergue en réxime de pensión completa.

Curso: Novas tecnoloxías. Ferramentas para o traballo no tempo libre e dinamización xuvenil

Número de horas: 25
Número de prazas: 20

Contidos:

1. A web 2.0 como ferramenta no tempo libre:
   - Concepto de web 2.0.
   - Ferramentas web 2.0: blog, fotolog, wiki e Doodle.
   - Ferramentas 2.0: redes sociais.
   - Ferramentas 2.0: programación de tempo libre.
2. Aplicación da web 2.0 ao tempo libre e á dinamización xuvenil:
   - Riscos de web 2.0 no traballo coa infancia e a mocidade (foro de debate).
   - Propostas do uso de web 2.0 na educación.
   - Web 2.0 para a organización interna da entidade.
3. Creación e desenvolvemento de ferramentas web 2.0: aplicación práctica no tempo libre:
   - Práctica 1: blog.
   - Práctica 2: Facebook.
   - Práctica 3: Twitter.
   - Práctica 4: organización interna.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Santiago de Compostela.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 15, 16, 17, 22, 23, 24 de abril.

Horario: luns, martes e mércores das 16.00 ás 20.15 horas.

Curso: Básico de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre

Número de horas: 60

Número de prazas: 30

Contidos:

Módulo I. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.

Módulo II. Riscos xerais e a súa prevención.

Módulo III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa: actividades de tempo libre.

Módulo IV. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos.

Módulo V. Primeiros auxilios.

Módulo VI. A prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

Modalidade: en liña, con exame presencial final (27 de xuño ás 10.00 h). Poderase facer nos seguintes lugares:

- EGAP – Santiago de Compostela. Polígono das Fontiñas. Rúa Madrid, 2 - 15707 Santiago de Compostela.
- Centro ISSGA - A Coruña. Rúa Doutor Camilo Veiras, 8 - 15006 A Coruña. Tfno.: 981 182 329/Fax: 981 182 332.
- Centro ISSGA – Lugo. Rolda de Fingoi, 170 - 27071 Lugo. Tfno.: 982 294 300/Fax: 982 294 336
- Centro ISSGA – Ourense. Rúa de Villaamil e Castro, s/n - 32872 Ourense. Tfno.: 988 386 395/Fax: 988 386 222.
- Centro ISSGA – Pontevedra. Camiño Coto do Coello, 2 - 36812 Rande (Redondela – Pontevedra). Tfno.: 886 218 100/Fax: 886 218 102

Lugar de impartición: o exame final poderase facer en calquera dos centros que o ISSGA ten nas catro provincias galegas ou na EGAP en Santiago de Compostela.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 7 de maio ao 27 de xuño.

Curso: Educación e terapia asistida con animais de granxa

Número de horas: 30

Número de prazas: 25

Contidos:

Módulo I. Fundamentos da TEED asistida con animais: principais conceptos e referentes.

Módulo II. O equipo de traballo en TEAA.

Módulo III. Os animais de terapia.

Módulo IV. Colectivos que poden beneficiarse da intervención en contextos de granxa, claves e contraindicacións.

Módulo V. A educación facilitada con animais de granxa.

Módulo VI. Os animais de granxa como recurso terapéutico.

Módulo VII. Metodoloxía de traballo nos programas de terapia asistida con animais de granxa

Módulo VIII. Deseño específico de actividades educativas e terapéuticas na granxa.

Módulo IX. Proxecto conexión granxa: intervención psicosocioeducativa facilitada con animais de granxa e o seu contexto dirixido a nenos e nenas e mozos e mozas en situación de vulnerabilidade.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Lodoselo (Sarreaus – Ourense).

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 17 ao 19 de maio de 2013.

Horario: das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas.

Equipo persoal imprescindible: Non inclúe manutención nin pernoita.

Curso: Especialización en deportes de pa: kaiak e paddle surf

Número de horas: 25

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. Téc

Módulo II. Seguridade na auga.

Módulo III. O material.

Módulo IV. Aplicación a actividades de fin de semana e campamentos.

Módulo V. Primeiros auxilios básicos.

Módulo VI. Prácticas (kaiak de mar, kaiak surf e paddleboard).

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 17, 18 e 19 de maio.

Horario:

Venres das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas.

Sábado das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas.

Domingo das 9.00 ás 15.00 horas.

(inclúe manutención e pernoita).

Incorporación: venres 17 de maio, das 9.00 ás 10.00 horas.

Saída: domingo 19 de maio, a partir das 15.00 horas.

Equipo persoal imprescindible:

Saco de durmir; útiles de aseo persoais, roupa náutica (escarpíns, licra, traxe de neopreno, chuvasqueiro...)

Curso: Inserción laboral, relacións laborais e autoemprego no tempo libre

Número de horas: 40

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. A empregabilidade.

Módulo II. Técnicas actuais de busca de emprego.

Módulo III. Aspectos legais da relación laboral.

Módulo IV. O autoemprego.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Pontevedra.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 20 maio ao 4 xuño.

Horario: das 17.00 ás 20.30 horas (de luns a venres).

Curso: Especialización en primeiros auxilios e prevención para monitores/as e directores/as de tempo libre

Número de horas: 40

Número de prazas: 30

Contidos:

Módulo I. Resucitación cardiopulmonar básica (protocolos actualizados 2010).

Módulo II. Outras actuacións nos primeiros auxilios no tempo libre.

Módulo III. Técnicas e uso de material.

Módulo IV. Contidos básicos de auxilio en medio acuático.

Modalidade: semipresencial.

Lugar de impartición: A Coruña (Dodro).

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 20 ao 24 de maio de 2013.

Horario:

Luns a xoves das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas.

Venres das 10.00 ás 14.00 horas.

Equipo persoal imprescindible: recomendable levar roupa cómoda. Para o último día do curso, o venres, é necesario levar os útiles mínimos para ir á piscina (bañador, toalla, calzado de auga, gorro, lentes...).

Curso: Xestión e dirección de entidades non lucrativas. A forza do terceiro sector

Número de horas: 50

Número de prazas: 45

Contidos:

Módulo I. Marco legal: lexislación sobre asociacións, utilización de fondos públicos e normativa específica de entidades xuvenís.

Módulo II. Xestión das organizacións:

- Creación e legalización dunha entidade non lucrativa: acta fundacional, estatutos, rexistros, solicitude CIF…
- Obrigas contables e fiscais.
- Liderado. Estilos de dirección. A dirección dun equipo de traballo. Desenvolvemento de reunións de equipos.
- Resolución de conflitos.
- Avaliación de actividades e proxectos.

Módulo III. Recursos e subvencións:

- Recursos propios da entidade: cotas de socios, doazóns, prestación de servizos…
- Recursos e subvencións privadas: fundacións de entidades bancarias e caixas de aforros, patrocinios…
- Recursos públicos: subvencións municipais, autonómicas, estatais e europeas.

Modalidade: en liña.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 1 ao 30 de xuño.

Curso: Ocio centrado na persoa. Atención a persoas con TEA e discapacidade intelectual

Número de horas: 20

Número de prazas: 45

Contidos:

Módulo I. A TEA e discapacidade intelectual.

Módulo II. Ocio.

Módulo III. Modelo de ocio centrado na persoa.

Módulo IV. Aspectos prácticos do ocio para persoas con TEA.

Módulo V. Coaching. Como actuar en equipo.

Modalidade: en liña.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 3 ao 21 de xuño.

Horario: 8 horas semanais de titoría. Martes, mércores e xoves das 11.00 ás 13.00 horas; e venres das 18.00 ás 20.00 horas.

Curso: *Stop motion:* técnicas de animación audiovisual como recurso para os profesionais do tempo libre

Número de horas: 25

Número de prazas: 20

Contidos:

- Introdución e exemplos de stop motion.
- Diferentes técnicas de stop motion: plastilina, debuxo, area, animación co corpo
- Deseño, modelaxe e construción de personaxes para stop motion.
- Preparación do guión, materiais, escenario e iluminación.
- Realización do stop motion.
- Manexo de programas gratuítos: Gimp, Inkscape, Instagram, Windows Movie Maker, Cinelerra.
- Montaxe de son, edición e finalización.
- Presentación do traballo realizado polos alumnos.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Albergue Xuvenil de Gandarío (concello de Bergondo, A Coruña).

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 14 ao 16 de xuño de 2013.

Incorporación: venres 14 de xuño de 2013 ás 19.30 horas.

Saída: domingo 16 de xuño de 2013 ás 20.30 horas.

Equipo persoal imprescindible: útiles de aseo persoal e toalla.

As persoas participantes aloxaranse no albergue en réxime de pensión completa.

Curso: Monitor/a especialista en atención a persoas con discapacidade

Número de horas: 30

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. Discapacidades de tipo físico, psíquico e sensorial.

Módulo II. Intervención con persoas discapacitadas físicas, psíquicas e sensoriais.

Módulo III. Experiencias e recursos de intervención socioeducativa con persoas discapacitadas.

Módulo IV. Deseño de programas de integración e organización de actividades no tempo libre para persoas con discapacidade.

Módulo V. Lexislación en materia de discapacidade.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Casa da Xuventude de Pontedeume (A Coruña).

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 21, 22, 28 e 29 de setembro.

Horario: sábados das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas, domingos das 9.00 ás 14.00 horas.

Curso: Recursos lúdicos e didácticos para nenos e nenas con necesidades especiais

Número de horas: 30

Número de prazas: 25

Contidos:

Módulo I. Introdución ao xogo adaptado. O xogo segundo a idade: principais diferenzas entre cativos de infantil e primaria.

Módulo II. Cativos con déficit de atención.

Módulo III. Cativos introvertidos.

Módulo IV. Cativos hiperactivos.

Módulo V. Cativos agresivos.

Módulo VI. Cativos con problemas de linguaxe.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Pontevedra.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: sábados 19 e 26 de outubro e 9, 16, 23 e 30 de novembro.

Horario: sábados pola mañá, das 9.30 ás 14.30 horas.

Curso: As artes escénicas aplicadas no tempo libre

Número de horas: 25

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I

- Historia do teatro e das representacións chamadas fogueiras de campamento e seráns.
- Diferentes formas das artes escénicas: fogueiras de campamento, seráns, concursos, danza, canto, musical, mi mo...
- Programación de actividades específicas.

Módulo II

- Confección de maquillaxe, vestiario e decorados.
- Redacción e adaptación de textos para ser representados.
- Desenvolvemento e posta en marcha dun serán ou fogueira de campamento.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Centro Cultural Carballo Calero. Praza do Inferniño, s/n – Ferrol.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: 6, 7 e 8 setembro de 2013

Horario: venres das 16.00 ás 21.00 horas; sábado e domingo das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas.

Curso: Comunicar para o TEDXYOUTH

Número de horas: 26

Número de prazas: 20

Contidos:

Módulo I. Teorías da comunicación.

Módulo II. Achegamento á divulgación propositiva.

Módulo III. Traballando no contido.

Módulo IV. Creación de mensaxes atractivas.

Módulo V. A túa charla de cinco minutos.

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Santiago de Compostela.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 13 ao 28 de setembro.

Horario:

Venres 13 de setembro das 16.00 ás 20.00 horas.

Sábado 14 de setembro das 10.00 ás 14.00 horas.

Venres 20 de setembro das 16.00 ás 20.00 horas.

Sábado 21 de setembro das 10.00 ás 18.00 horas.

Venres 27 de setembro das 16.00 ás 19.00 horas.

Sábado 28 de setembro das 11.00 ás 14.00 horas.

Curso: Formando equipos. Ferramentas e recursos para liderar un equipo de traballo no ámbito do lecer e do tempo libre

Número de horas: 40

Número de prazas: 30

Contidos:

Módulo I. Estratexias para a creación de equipos de traballo eficaces.

Módulo II. A planificación do traballo en equipo.

Módulo III. As reunións de traballo.

Módulo IV. Resolución de conflitos dentro dun equipo de traballo.

Módulo V. Casos prácticos na xestión de equipos de traballo.

Modalidade: semipresencial.

Lugar de impartición: Lalín (Pontevedra).

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 29 de outubro ao 3 de decembro de 2013.

Horario da parte presencial:

- 23 de novembro: das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 20.00 horas.
- 24 de novembro: das 10.00 ás 14.00 horas.

Curso: A acción social no tempo libre

Número de horas: 40

Número de prazas: 25

Contidos:

Módulo I. Terceira Idade.

Módulo II. Diversidade funcional.

Módulo III. Intervención e modificación nas condutas disruptivas (infancia e adolescencia)

Modalidade: presencial.

Lugar de impartición: Santiago de Compostela.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: sábados 20 e 27 de outubro e 10 e 17 de novembro.

Horario: das 9.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 21.00 horas.

Curso: Procesos de participación xuvenil para a mellora da empregabilidade da mocidade. O uso do medio radiofónico

Número de horas: 36 (28 horas en liña, e 8 horas presenciais).

Número de prazas: 25

Contidos:

BLOQUE 1. A participación xuvenil como instrumento para a transformación social.

- A participación dende unha perspectiva cualitativa. Escaleira de Hart.
- A participación xuvenil: un camiño para o empoderamento.
- Os procesos de participación como un valor para o cambio.

BLOQUE 2. Habilidades de comunicación.

- Habilidades sociais.
- Os estilos de comunicación.
- Comunicación verbal e non verbal.
- Estratexias para a mellora da competencia social.
- Escoita activa.
- Empatía.
- Menú de habilidades I. Mellorando a miñas destrezas comunicativas.

BLOQUE 3. A busca activa de emprego.

- A mellora do autoconcepto ("a miña maleta persoal").
- O concepto de rede para a procura de emprego.
- A carta de presentación.
- O currículo.
- A entrevista de traballo.
- A procura de emprego na internet.
- Menú de habilidades II. Mellorando a miña empregabilidade.

BLOQUE 4. Aproximación á radio como ferramenta dinamizadora.

- Historia da radio.
- Os xéneros radiofónicos.
- O funcionamento e o control técnico dun estudio de radio.
- A procura de información.
- Elaboración dun guión.

BLOQUE 5. Laboratorio radiofónico.

- Os elementos técnicos do medio radiofónico.
- Explorando o medio.

BLOQUE 6. Práctica.

- Deseño e produción dun formato radiofónico con base nos contidos dos bloques 2, 3, 4.

Modalidade: semipresencial.

Lugar de impartición: Santiago de Compostela.

Data de inscrición: aberta ata 15 días antes do inicio do curso.

Data prevista de realización: do 16 de setembro ao 31 de outubro.
Horario:
Sesións en liña: do 16 de setembro ao 31 de outubro.
Sesión presencial: 26 outubro das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 20.00 horas.

XUNTA
DE GALICIA

galicia

Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Edif. Administrativo San Lázaro s/n, 3º andar
15781 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 057 / 981 544 866
Fax. 981 545 843

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil
Praza do Matadoiro s/n
15781 Santiago de Compostela
Tel. 881 997 604 / 881 997 605 / 881 997 606

Teléfono xove: 012

A Coruña
Servizo de Xuventude e Voluntariado
CC Elviña. Rúa Salvador de Madariaga, s/n
15008 A Coruña
Tel. 881 881 240 / 881 881 241 / 881 881 243 / 881 881 244

Ourense
Servizo de Xuventude e Voluntariado
Avda. Habana, 81 baixo
32004 Ourense
Tel. 988 386 120

Lugo
Servizo de Xuventude e Voluntariado
Rolda da Muralla, 70
27002 Lugo
Tel. 982 294 224 / 982 294 352 / 982 294 923

Pontevedra
Servizo de Xuventude e Voluntariado
Edif. Administrativo da Xunta
Concepción Arenal 8, 1º andar
36201 VIgo
Tel. 986 817 078 / 986 817 079

XUNTA DE GALICIA